

DATOS

O *Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela, 1º semestre 2009*, recolle un descenso do desemprego no Concello, en 308 persoas, durante os primeiros seis meses do ano. Neste período Santiago amosa un mellor comportamento, en termos porcentuais, que o resto de Galicia e da provincia de A Coruña. Estes son as principais conclusións extraídas dos distintos apartados da publicación:

- **Caracterización da poboación** (da páxina 5 á 8): Segundo o padrón Municipal de Habitantes, Santiago contaba, en 2008, cun censo de 95.325 persoas, do que o 53,3% eran mulleres e o 46,6% homes. Por idades, o 12,4% situabase entre 0 e 15 anos; o 69,7% entre 16 e 64 anos, e o 17,8% tiña 65 ou máis anos.

- **Actividade empresarial e afiliacións. Demandas de emprego e colocacións** (da páxina 8 á 12). Os datos do *Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela*, reflicten que en Santiago hay 10.074 empresas, que representan o 69,45% da actividade empresarial comarcal e o 11,70% da actividade empresarial provincial. O tecido empresarial compostelá caracterízase polo predominio do sector servizos, que representa o 86,25% do total. Esta porcentaxe é unha das máis altas das principais cidades galegas, só superada polo 87,42% do sector servizos en Ferrol. A industria en Santiago ocupa o 5,71% das empresas, unha marca só superada polo 6,36% que se dá en Vigo. Pola contra, a construción representa o 8,04% do total situándose na porcentaxe máis baixa dos sete grandes concellos de Galicia. A publicación tamén recolle datos de xuño de 2009 sobre as actividades económicas con máis contas de cotización. A máis numerosa, a pesar do leve descenso experimentado nos últimos meses sigue sendo, con 1.252 contas de cotización rexistradas na Seguridade Social, o *comercio por xunto e por miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas*. Representa o 20,67% do total. A continuación sitúanse as *actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico: actividades dos fogares como produtos*, co 15,54% do total. E en terceiro lugar e cuarto lugar aparecen, respectivamente, a *hostalaría* e a *construción*. Os maiores aumentos no réxime xeral tiveron lugar nas *actividades sanitarias e servizos sociais* e na *hostalaría*. Pola contra, o descenso máis destacado foi o da *construción*, con 246 persoas afiliadas menos.

- **Paro rexistrado** (páxinas 13 á 24): **a principios de 2009 había en Santiago 6.855 persoas paradas, que foron aumentando ata as 7.210 persoas de marzo, para volver descender nos seguintes meses e acadar a cifra de 6.547 persoas en xuño.** Por sexos, o paro entre os homes tivo unha evolución máis positiva. En xaneiro representaban o 46,80% do total de persoas desempregadas, baixando ata o 43,62% a finais do primeiro semestre do ano. Neste período, o descenso do paro foi de 215 homes fronte a 93 mulleres. O paro feminino pasou dun 55,2% en xaneiro a un 56,38% en xuño. No período de xaneiro a xuño de 2009 o desemprego descendeu, en Santiago, en 308 persoas, o que supón un 4,49%. Esta porcentaxe indica que o paro en Compostela tivo un comportamento menos malo que no resto da provincia e na comunidade. En Galiza, o descenso foi de 1.076 persoas, un 0,53%. Pola contra, na provincia de A Coruña, medrou en 1.724 persoas, un 2,17%. O paro rexistrado en Santiago continua, neste primeiro semestre do ano, a tendencia experimentada en 2008, e sigue perdendo peso en relación a outras localidades galegas. Se en xaneiro os parados composteláns supuñan o 8,63% dos da provincia e o 3,41% dos galegos, en xuño eran o 8,07% dos da provincia coruñesa e o 3,27% dos galegos.

- **Ofertas** (páxinas 25 á 28): no primeiro semestre de 2009 rexistráronse en Santiago de Compostela 408 ofertas de emprego. Delas, 399 non especificaban o sexo da persoa traballadora, o que supón o 97,79% do total. Segundo a nova clasificación da CNAE 2009, as seccións nas que se concentran un maior número de ofertas de emprego son as de construción, comercio polo xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas, outros servizos e hostalaría. Estes catro grupos contabilizaron máis da metade das ofertas, cun total de 214.

- **Contratos** (páxinas 29 á 36): o número de contratos realizados no Concello de Santiago no primeiro semestre de 2009 ascendeu a un total de 24.167, dos que o 48,12% corresponderon a mulleres e o 51,88% a homes.